



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CPIP ANTONIO ORZA COUTO



INDICE

- 1. INTRODUCCION**
- 2. FUNDAMENTACIÓN LEGAL DO PLAN XERAL DE ATENICÓN Á DIVERSIDADE**
- 3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**
- 4. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES**
- 5. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS**
- 6. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/ OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- 7. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS**
- 8. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DISEÑADAS PARA O CENTRO**
- 9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRIPCIÓN.**
- 10. LIÑAS DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS, OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO**
- 11. PROTOCOLO PARA A SOLICITUDE E/ OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**
- 12. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MEMORIA**

- 13. ANEXOS**

1. INTRODUCCIÓN

A diversidade abarca a todos, incluso a aqueles que se observan a través dunha normalidade ilusoria (Ainscow, 2001)

No Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) regulado no Decreto 229/2011- que formará parte do PEC- concretanse tódalas actuacións e medidas de atención á diversidade que diseña e desenvolve o noso centro para axeitar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado (Art. 10, sección 3ª do capítulo II do decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade...).

A diversidade é unha realidade social, e, polo tanto unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumno/a, da singularidade de cada familia e de cada un dos profesores/as, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto. A resposta educativa a esa diversidade debe centrarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada alumno/a nos recursos e medidas educativas e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Concíbese, pois, a atención educativa á diversidade como un conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

2. FUNDAMENTACIÓN LEGAL DO PLAN XERAL DE ATENICÓN Á DIVERSIDADE

Toda acción educativa e orientadora precisa dun marco normativo que a sustente. Citamos a continuación a normativa de aplicación que directa ou indirectamente establece a atención á diversidade no Sistema Educativo:

- A Constitución Española do ano 1978 recoñece no seu artigo 27 o dereito de todo o alumnado á educación e no seu artigo 49 recolle o dereito das persoas con discapacidade.
- O Real Decreto Lexislativo 1/2013 polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e a inclusión social recoñece o dereito das persoas con discapacidade a unha educación de calidade en igualdade de condicións que os demais.
- Real Decreto 1635/2009 que regula a admisión e atención ao alumnado con NEAE no ámbito da xestión do MEC.
- A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE) coas modificacións introducidas pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de mellora da calidade educativa (LOMCE). Ambas disposicións lexislativas recollen e regulan a organización e funcionamento do Sistema Educativo actual e recollen como principios do Sistema Educativo, entre outros:
 - a. A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
 - b. A equidade, que garantice a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade.
 - c. A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.
- Circular 9/1999 pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade na Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo.
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regulan as avaliacións psicopedagóxicas e o ditame de escolarización.
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regula a flexibilización e a atención ao alumnado con sobredotación intelectual.
- Circular 8/2009 pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade do alumnado na ESO.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se regulan os criterios e condicións de escolarización do alumnado con Necesidades Educativas Especiales (NEE).
- Orde do 20 de febreiro de 2004 polo que se regula a atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia. Nel defínese a **diversidade como unha realidade social** e, polo tanto, unha realidade educativa derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural do alumnado e das súas familias, do profesorado e de toda a Comunidade Educativa en xeral. Ademais, o dito decreto indica que **atender á diversidade implica poñer en marcha un conxunto de medidas e acción que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do alumnado.** A atención á diversidade réxese polos seguintes **principios**:
 - **Normalización e inclusión.**
 - **Flexibilidade e accesibilidade**
 - **Autonomía dos Centros Educativos**
 - **Equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación.**
 - **Interculturalidade e promoción da convivencia.**

- **Participación de toda a Comunidade Educativa.**

Ademais, o devandito Decreto recolle as Medidas de Atención á Diversidade (en adiante MAD) como aquelas actuacións, estratexias ou programas destinados a proporcionar unha resposta educativa axustada ás necesidades educativas do alumnado. Destaca tamén a clasificación de MAD ordinarias e extraordinarias, as modalidades de escolarización (ordinaria, combinada e en Centros de Educación Especial), o concepto de alumnado con NEAE e o proceso de elaboración e aprobación do Plan Xeral de Atención á Diversidade dos Centros Educativos de Galicia.

Debido a que o centro conta cunha oferta educativa que abrangue as etapas de E.Infantil, E.Primaria e ESO será preciso ter en conta a seguinte nirmativa:

.Decreto 105/2014 polo que se establece o currículo da E.Primaria.

. Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

CORRECCIÓN de erros. Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

. Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

• Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

• Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da ESO e Bacharaleto.

• Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e BACH na Comunidade Autónoma de Galicia.

•Instrucións do 30 xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, do curso académico 2020/2021.

- A normativa autonómica que regula as materias de libre configuración: Orde do 15 de xullo de 2015, orde do 13 de xullo de 2016 e orde do 3 de agosto de 2017.
- Orde do 7 de agosto de 2018 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómicas de elección para os centros docentes nas etapas da ESO e BACH, e se regula o currículo e a súa oferta..
- Real Decreto Lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a aplicación do calendario de implantación da LOMCE.
- Real Decreto 562/2017, de condicións para a obtención do título de graduado na ESO e Bacharelato.
 - Real Decreto-ley 31/2020 de 29 de setembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria.
 - Resolución do 18 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Real decreto ley 31/2020, de 29 de setembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria.

Sen prexuízo do anterior, ao longo do Plan Xeral de Atención á Diversidade, faremos mención a normativa específica de aplicación que corresponda en cada caso.

Finalmente, é importante tomar como referencia os **PROTOCOLOS** publicados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que supoñen un marco de acción común para actuar en temas relacionados coa atención á diversidade e implicar e forzar a coordinación interprofesional e interinstitucional. Serven para orientar a nosa actuación docente no marco da atención á diversidade e deberán ser tidos en conta por toda a Comunidade Educativa do centro no desenvolvemento das súas

funcións. Serán de especial uso no marco deste PXAD no centro os seguintes:

- Protocolo para atención educativa ao alumnado con Discapacidade Auditiva.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado con Síndrome de Down e Discapacidade Intelectual.
- Protocolo de Tratamento Educativo do alumnado con Trastorno do Espectro Autista(TEA).
- O protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria.
- Protocolo de Protección de Datos.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo de identidade de xénero.
- Protocolo de Urgencias Sanitarias.
- Protocolo de Absentismo Escolar.
- Protocolo xeral para a prevención,detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.
- . Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- . Protocolo de atención ao alumnado con Dislexia

Todos os protocolos publicados pola Consellería actuais (e futuros) estarán a disposición para a consulta do profesorado do centro no ordenador da Sala de Profesorado, así como no portal educativo edu.xunta.es(educonvives.gal.)

3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Para que o presente Plan sexa efectivo faise preciso coñecer e ter en conta o contexto sociocultural e económico (recursos educativos e sociais da zona), contexto xeográfico e centro educativo (oferta educativa, recursos , profesorado)

En canto ao contexto sociocultural, económico e xeográfico da zona mencionar que se trata dun entorno rural do interior de Galicia situado a uns quince kilómetros da capital de Galicia. O nivel socioeconómico das familias é medio-baixo. A principal fonte de ingresos na localidade céntrase no sector servizos e a agricultura. A gandería, baseada na pequena explotación, ocupa a numerosas persoas. A porcentaxe de poboación ocupada alcanza o 85,17%. O concello conta cun centro de saúde, ximnasio, instalación deportivas, piscina, pavillón e biblioteca municipal.

En canto ao centro, o CPIP “Antonio Orza Couto” é un centro de titularidade pública. O noso alumnado procede maioritariamente dun contexto rural. Con respecto ao centro dicir que está distribuído en dous recintos separados por unha rúa e consta de tres edificios con aulas de infantil, aulas ordinarias, aula de audición e linguaxe, aula de pedagogía terapéutica, aulas de desdobres, aula de idiomas, aula de música, sala de profesores, laboratorio, biblioteca, sala de arquivos, dous cuartos trasteiros, conserxería, cociña, comedor, salón de usos múltiples e servizos hixiénicos para profesores e alumnado, dependencias á disposición das asociacións de pais de alumnos, das asociacións de alumnos,

Os dous recintos dispoñen dun patio de recreo e dunha pista polideportiva cada un. O centro fai uso en horario lectivo dun polideportivo e dun ximnasio de titularidade municipal.

Personal docente: o centro conta cunha plantilla de 34 profesores/as, a maioría deles teñen destino definitivo do centro o que favorece que se impliquen activamente nas actividades do centro. Contamos con unha profesora de secundaria que comparte centro co CPI de Touro. E o departamento de orientación ten adscritas as unitarias de Sergude e Camporrapado.

A oferta educativa do centro é E.I nfantil, E.Primaria e E.SO.

4. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Tendo en conta o principio de prevención da orientación educativa de Vidal e Manjón (2002) toda planificación en orientación debe comezar por unha análise das necesidades, é dicir, un proceso sistemático de recollida da información relevante que nos permita adaptar as nosas actuacións ás necesidades reais do noso Centro Educativo e do noso contexto. Para levar a cabo este proceso utilizaremos diversas técnicas e procedementos de recollida de información:

- Análise da Memoria Anual do Plan de Orientación Educativa do Departamento de Orientación do curso anterior.
- Análise e valoración dos datos recollidas no aplicativo DRDADI.
- Revisión dos informes e/ou historial académico do alumnado.
- Desenvolvemento do protocolo de **Avaliación Inicial** por parte do profesorado de cada materia, co apoio e asesoramento do DO, de acordo co recollido no Decreto 229/2011 e que constitúe unha medida preventiva por excelencia para a detección temperá das necesidades educativas do noso alumnado.

Avaliación Inicial

A avaliación inicial é un instrumento básico para a detección e identificación de necesidades, contribúe ao coñecemento do alumnado por todo o profesorado que lle imparte docencia e posibilita a toma de decisións para a adaptación das programacións de aula e para a aplicación doutras medidas de atención á diversidade. Ten por finalidade:

- Coñecer ao alumnado de cada grupo e o seu nivel de competencia curricular de partida.
- Coñecer as características do grupo e a súa dinámica interna, para procurar unha mellora das relacións e as aprendizaxes.
- Coñecer e tomar decisións respecto do alumnado que manifeste dificultades de aprendizaxe e precise de medidas de atención á diversidade.

- Facilitar o coñecemento por parte de todo o profesorado, das características e necesidades do alumnado ao que lle imparte docencia así como das medidas de atención á diversidade que se aplicarán ao longo do trimestre ou curso.

4.1. Desenvolvemento do proceso de avaliación inicial

O comezo do presente curso, e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparte a docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias clave. A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno/a.

4.2. Responsables da avaliación inicial

- Xefe de estudos: coordinará todo o proceso e velará polo cumprimento das funcións de todos os responsables da avaliación.
- Titor/a: recollerá información da historia escolar do alumnado, especialmente do que presente necesidades específicas de apoio educativo, así como do seu contexto sociofamiliar.
- Profesorado de área: deberá avaliar os coñecementos previos dos alumnos/as na súa área ou materia mediante os procedementos que considere oportunos.
- Departamento de orientación: aportará información relevante, de ser o caso, que sexa necesaria para o desenvolvemento da labor docente do profesorado dos alumnos/as da que se dispoña no Departamento de orientación, realizará as avaliacións psicopedagóxicas pertinentes e propondrá as medidas de atención á diversidade según os resultados e conclusións da avaliación.

Na realización das avaliacións psicopedagóxicas que sexan necesarias o Departamento de Orientación poderá solicitar a colaboración do especialista do Equipo de Orientación Específico (EOE) que corresponda, así como a colaboración dos especialistas e resto do equipo docente. A avaliación psicopedagóxica é un proceso de recollida, análise e valoración da información recabada para

determinar ás necesidades educativas do alumnado e proponden as medidas máis axeitadas para dar resposta a ditas necesidades. Neste proceso recabarase información dos diferentes especialistas e equipo docente .

As solicitudes de avaliación psicopedagóxica e a súa conclusión no informe psicopedagáxico a petición das familia ou profesionais externos ao centro serán sometidas a valoración por parte do DO; a súa solicitude realizarase por escrito con rexistro de entrada ,según protocolo existente na secretaría do centro. Será preciso solicitar os informes psicopedagóxicos de nova elaboración con unha antelación mínima de tres/ catro semanas.

Nesta dirección, e tendo en conta as concrecións lexislativas actualmente vixentes, describimos a continuación as situacións nas que o DO procederá, cando cumpra, á **realización dunha Avaliación Psicopedagóxica**:

- **Escolarización alumno/a de nova incorporación ao Sistema Educativo Galego con NEAE**; de acordo co que se establece na Orde do 27 de decembro de 2002.
- **Alumnado con Altas Capacidades**. A Orde do 28 de outubro de 1996 e no Protocolo de atención ao alumnado con altas capacidades intelectuais recolle que a identificación de un alumno/a con Altas Capacidades deberá ser acreditada mediante a Avaliación Psicopedagóxica correspondente. Para esta avaliación solicitarase a colaboración do especialista de alta capacidade intelectual do EOE.
- **Adaptacións Curriculares Significativas (ACS)**. O Orde do 6 de outubro de 1995 recolle que para levar a cabo unha ACS en calquera área ou materia, os Centros Educativos deberán realizar unha avaliación psicopedagóxica na que se recollan os datos relevantes sobre a situación socio-familiar do alumno/a e sobre o seu proceso de aprendizaxe. As ACS precisan da autorización do Servizo de Inspección Educativa que corresponda.

- **Flexibilización do período de escolarización.** A Orde do 27 de decembro de 2002 que regula os criterios e condicións para a escolarización do alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE) e a Orde do 28 de outubro de 1996 para a escolarización do alumnado con Altas Capacidades recollen que para acollerse a esta medida a Dirección do Centro deberá remitir á Xefatura Territorial, entre outros documentos, un informe que xustifique a súa necesidade, elaborado polo Departamento de Orientación (DO).
- **Cambio da modalidade de escolarización** dun/ha alumno/a escolarizado/a no noso centro. A decisión do cambio de modalidade precisará da elaboración, por parte do DO, do ditame de escolarización, logo da correspondente Avaliación Psicopedagóxica (Orde do 31 de outubro de 1996 e Decreto 229/2011).
- **Atención Educativa domiciliaria.** No caso de tratarse dun alumno/a con NEAE tamén se deberá acompañar do Informe Psicopedagóxico do DO, logo da correspondente Avaliación Psicopedagóxica.
- **Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR).**
- **Protocolo de Identidade de Xénero:** de acordo co establecido no Protocolo de Identidade de Xénero, o DO que reciba información dun alumno/a, ou dos seus representantes legais, dunha situación de identidade de xénero diferente da asignada no momento de nacemento deberá raelizar nos casos pertinentes, co consentimento da familia, unha Avaliación Psicopedagóxica para detectar posibles necesidades educativas, que reflectirá no correspondente Informe Psicopedagóxico no que recollerá as orientacións de atención á diversidade axeitadas.
- **Tratamento Educativo do alumnado con Trastornos do Espectro Autista (TEA).**
- **Alumando vítima de Maltrato Infantil.** o protocolo básico de intervención contra o Maltrato Infantil establece que os/as nenos/as

vítimas de Maltrato son considerados como alumnado con NEAE, previo informe e ditame do/a orientador/a do centro. Este informe será o resultado dunha Avaliación Psicopedagóxica.

- **Alumnado con TDAH:** o protocolo establece que unha vez que o orientador/a do centro recibe a solicitude por escrito da intervención deberá desenvolver a Avaliación Psicopedagóxica, para o cal poderá solicitar a colaboración do EOE.
- **Alumnado con Risco Suicida:** o protocolo establece que a Xefatura do DO deberá realizar unha Avaliación Psicopedagóxica no casos de indicios de risco suicida, logo da solicitude por escrito de algún membro da Comunidade Educativa e tamén no caso de intento autolítico. En ambas as dúas situacións a Avaliación Psicopedagóxica terá carácter prioritario e urxente.

Xunta de avaliación inicial

O equipo docente de cada grupo realizará unha avaliación inicial ao comenzo de cada curso escolar coordinada polo xefe de estudos, tal como recolle a normativa vixente coa finalidade de adoptar as medidas de atención á diversidade do alumnado que sexan precisas para dar unha resposta máis axeitada posible ás súas necesidades.

5. OBXECTIVOS

Para acadar as dúas finalidades esenciais do ensino obrigatorio de dar unha formación básica común (comprensividade) e dispoñer as condicións posibilitadoras dunha ensinanza personalizada (diversidade), a través do que se debe garantir unha formación común básica para todos e máxima para cada un, marcamos os seguintes obxectivos:

- Garantir unha resposta educativa inclusiva de calidade para todo o alumnado.
- Crear as condicións actitudinais, organizativas e metodolóxicas que permitan dar aos alumnos unha resposta educativa axeitada á súa individualidade que lles evite o fracaso escolar e os problemas de integración e inadaptación escolar e social.

- Aceptar e valorar as diferencias do alumnado como un feito de enriquecemento da Comunidade Educativa e como unha oportunidade de aprendizaxe..
- Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado a realidade de todo o alumnado.
- Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
- Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
- Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
- Promover a implicación das nais, pais ou tutores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
- Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.
- Clarificar as responsabilidades de cada un dos profesionais do equipo educativo nun contexto de franca cooperación.
- Fixar vieiros de corresponsabilidade e implicación entre todo o equipo docente na tarefa de facer accesible o currículo común aos diferentes alumnos/as.
- Diseñar propostas educativas diversificadas, nun continuo de menor a maior grao de significatividade, de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades do alumno xurdidas das súas características persoais e da interacción co entorno.
- Organizar e coordinar os recursos persoais e materiais do centro cara á mellor eficacia das accións deseñadas.

- Establecer os mecanismos oportunos para garantir unha adecuada coordinación entre os diferentes profesionais implicados na atención á diversidade do noso alumnado: titores/as, profesorado, familias e servicios externos ao centro.
- Promover a colaboración e coordinación con profesionais e institucións externas ao centro: Servicios sociais, sanitarios, Centros de Recursos, Equipo de Orientación Específicos.

6. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. A atención á diversidade rexerese polos principios de **normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia**; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
2. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
3. Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención á diversidade.
4. As accións preventivas e de detección temperá terán carácter prioritario coa implicación e participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
5. Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
6. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais
7. As nais, pais ou titores legais do alumnado recibirán de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención.

8. A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa.

6.1. Actuacións e medidas de atención á diversidade

6.1.1. Actuacións do centro.

No marco das actuacións destinadas a adecuar a resposta educativa á diversidade do noso alumnado, tomaremos como referencia o recollido no Decreto 229/2011 de atención á diversidade que inclúe que os centros docentes deberán:

1. Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
2. Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.
3. Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagógico, organizativo e de xestión do centro.
4. Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
5. Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
6. Potenciar a acción tutorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
7. Promover a implicación das nais, pais ou tutores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.
8. Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade
9. Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.

6.2. Medidas de acción educativa

O Decreto 229/2011, de atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia define as Medidas de Atención á Diversidade como *aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta educativa axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro e nas concrecións anuais do dito plan..*

Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

6.2.1. Medidas ordinarias.

O Decreto 229/2011 define as medidas ordinarias de atención á diversidade como aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense (D.229/2011):

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Nesta liña añícanse as orientacións metodolóxicas de atención a diversidade recollidas nos Protocolos

edictados pola Consellería de Educación(*TEA, TDAH, Alta capacidade intelectual, atención educativa ao alumnado con síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual*).

e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

f) Desdobramentos de grupos.

Como conclusión da avaliación final do curso anterior, o equipo docente, en función dos recursos humanos de que se dispoñan, propondrá a realización da modalidade organizativa de gran grupo e/ou mediano nos curso/s máis problemáticos en Lingua e Matemáticas para compensar os desaxustes de aprendizaxe detectado no alumnado.

Será unha medida de reforzo grupal (grande/mediano), na que é importantísima a coordinación das programacións dos profesores implicados (de área e de apoio) para que os grupos sexan verdadeiramente eficaces e os alumnos poidan acadar os obxectivos do ciclo. A adscrición e permanencia dos alumnos ao agrupamento dependerá da modalidade adoptada.

g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

O reforzo educativo é unha medida que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, aos contidos e a súa secuenciación, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos dos alumnos e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Dirixímolos a aqueles alumnos con necesidades específicas de apoio educativo tales que coa modificación dos elementos non prescritivos poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe. Serán medidas como prestar máis atención ao alumnado, reorganizar a aula, proporcionar máis tempo, estruturar de maneira diferenciada os materiais curriculares, aplicar métodos específicos (ensinanza cooperativa, proxectos, tutorías entre iguais ...), facer unha avaliación integradora, utilizar reforzamentos positivos axeitados, concretar e proporcionar a cada alumno as axudas necesarias, tanto antes como durante ou despois da actividade, aplicar os diferentes Protocolo (*TDAH, Dislexia, TEA, Alta capacidade intelectual, atención educativa ao alumnado con síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual*).

Pero haberá casos nos que este tipo de modificacións non sexan suficientes e necesitemos introducir unha diferenciación das actividades, programando actividades de recuperación e reforzo, complementarias, de síntese, de consolidación, ou variar a organización destas.

Estas medidas serán elaboradas polo titor ou polo profesor da área. Terán coñecemento o equipo directivo e a familia do alumno/a.

O RE levarémolo a cabo no contexto escolar ordinario (aula ordinaria) e polo profesor correspondente (titor ou profesor de área) que contará coa colaboración do Departamento de Orientación. En cada grupo dispoñemos dun espazo temporal semanal para atender a estes alumnos que necesitan explicacións complementarias ou realizan actividades básicas de reforzo ou repaso dentro da aula.

Estas medidas reflectiranse no expediente académico como reforzo educativo. Farémolas constar cun comentario no informe correspondente ás familias, nas actas de avaliación final, no informe por traslado e nos informes de avaliación final de ciclo e etapa. Para a promoción, o referente serán os obxectivos establecidos na Concreción Curricular.

h) Programas de enriquecemento curricular.

Destinados a alumnos/as con altas capacidades intelectuais ou superdotados valorados polo EOE. Plantexamos a continuación as medidas máis usuais de enriquecemento curricular:

1. Ampliación a partir das unidades didácticas.

Consiste en substituír actividades que o alumno/a xa conseguiu por outras que afonden nos contidos, fundamentalmente contidos procedimentais. Esta opción implica:

a. Preparar actividades con diferente nivel de dificultade en cada unidade.

b. Eliminar algunhas actividades e propor outras máis complexas.

2. Enriquecemento a través de currunchos ou talleres

Esta opción consiste en dispor espazos na aula onde desenvolver determinadas actividades. Nestes espazos haberá un banco de recursos que permitan ao alumno/a traballar de forma máis autónoma e creativa. Poden utilizarse como recurso cando os alumnos van rematando as actividades ordinarias ou ben dedicando todos os alumnos de aula un tempo semanal ao traballo

por rincóns. Segundo niveis poden deseñarse de forma máis global ou por áreas. Esta opción implica:

Preparar un ou máis currunchos na aula que poden ir variando ó longo do curso.

Diseñar un procedemento tanto para o acceso ao currunchos coma para o traballo neste.

Dispor dun abano de recursos e actividades.

3. Ampliación por proxectos

Os proxectos permiten partir dos intereses do alumno/a e traballar a distintos niveis de profundidade. Tamén posibilitan o acceso a diversas formas de información. A realización dun proxecto non ten porque ser individual, senón que pode tratarse dunha suma de tarefas na que se poden integrar diferentes alumnos/as en función dos seus niveis de competencia. Esta opción implica:

Programar contidos da área baseándose en proxectos de traballo.

Establecer unha temporalización precisa e por ao alcance dos alumnos/as medios e recursos varios.

4. Introducir novos contidos.

Esta medida consiste en planificar temas ou actividades que presentan escasa relación co currículo e que se centran nos intereses específicos do alumno que, en función das súas motivacións, elixe dun conxunto de ofertas aqueles temas que prefira e trabállalos de xeito paralelo ás clases normais. O profesor serve de guía e facilita os medios para afondar nos temas e os alumnos traballan autónomamente. Algúns autores chaman a este procedemento “enriquecemento aleatorio”. Esta opción implica:

Identificar os temas ou áreas de estudo e introducir a partir dos intereses e motivacións dos alumnos/as, e tendo en conta as posibilidades do centro en canto a recursos humanos e materiais.

Organización flexible de grupos, tempos e espazos.

Substituír actividades de aprendizaxes xa adquiridas por actividades novas.

5. Introducir programas específicos de desenvolvemento cognitivo, creativo e de desenvolvemento persoal e social.

A maioría dos autores parten dun concepto factorial da intelixencia e propóñense desenvolver de forma máis específica algúns factores como o razoamento lóxico verbal, matemático, a memoria, a percepción ... e de xeito especial a metacognición e a creatividade. En todo caso, incluír o desenvolvemento de habilidades cognitivas, entramento en habilidades sociais e creatividade a través de programas específicos supón unha implicación importante do departamento de orientación.

i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

O reforzo educativo nas áreas instrumentais, lingua castelá, Lingua galega, e matemáticas serán prioritarios.

j) Programas de recuperación(alumnado qu promocioe con con avaliación negativa e apoio aos repetidores)

A decisión de permanencia dun ano máis nun curso, sempre resultado dunha deliberación colexiada, irá acompañada dun plan de recuperación específico das aprendizaxes non adquiridas co fin de favorecer a adquisición das competencias básicas e co obxectivo de afrontar con boas expectativas a solución dos problemas de modo que os alumnos afectados, na medida do posible, non realicen o curso coa mesma estrutura curricular e organizativa.

Estes plans de traballo incorpóranse ás correspondentes programacións didácticas nas cales se farán constar os contidos esixibles e as actividades de avaliación.

k) Programas específicos personalizados.

O alumnado repetidor seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu titor/a do curso anterior no Informe de Avaliación Final e considerando a información obtida no proceso de avaliación inicial. Este programa deberá ser elaborado polo departamento da área ou materia correspondente e deberá incluír actividades de aprendizaxe para realizar semanalmente. Correspóndelle ao profesorado que imparta cada área ou materia facer o seguimento do alumnado na realización das tarefas propostas polo departamento correspondente, e

comunicarllo ao profesor/a titor/a quen, coa frecuencia e segundo o procedemento establecido, llo fará chegar ás familias, para o seu coñecemento e colaboración.

l) Programas de habilidades sociais:

a) Un Programa de HHSS de carácter preventivo: dirixido ao todo o alumnado de E.Infantil, E.Primaria e ESO e incluído dentro do Plan de Acción Titorial (PAT) que se desenvolverá nas titorías.

b) Un Programa de HHSS para o alumnado derivado á Aula de Convivencia co fin de corrixir as condutas disruptivas e mellorar a súa integración no grupo.

O departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente(Art.24,D.8/2015)

c) Un Programa de HHSS específico para o alumnado con suspensión do dereito de asistencia ao Centro. Desenvolverase nas condicións horarias que favorezcan a reincorporación do alumnado obxecto da medida ás actividades lectivas

Elaborarase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

Outras medidas ordinarias de atención á diversidade son:

a. **Orientación e Tutoría**

Definición: o desenvolvemento da acción tutorial constitúe unha das ferramentas de atención á diversidade máis eficaces, moi adecuada para coñecer a cada alumno/a, identificar as dificultades que poidan existir no seu proceso de aprendizaxe e considerar o tipo de atención que o centro pode dispoñer para a súa atención.

Destinatarios: todo o alumnado.

Profesorado: todo o equipo de profesores/as, coordinado polo/a titor/a do grupo e co apoio do Departamento de Orientación.

Temporalización: durante todo o curso escolar, a través dos obxectivos e programas recollidos no Plan de Acción Tutorial.

b) **Optatividade e Opcionalidade**

6.2.2. Medidas extraordinarias.

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaránse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da familia do alumno/a, da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza e da limitación dalgunha a ensinanzas ou etapas específicas, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:

a) Adaptacións curriculares.(Orde 6 outubro 1996).

Enténdese por Adaptacións curriculares as que supoñen modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

Decidirase a posta en marcha única e exclusivamente unha vez esgotadas todas as medidas ordinarias de intervención educativa, incluída a medida excepcional de repetición.

O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais de etapa. Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro ciclo distinto do que curse o alumno obxecto de concreción curricular.

Precisarán a autorización da inspección educativa correspondente e autorización da familia.

As condicións de realización serán as seguintes:

Serán elementos do currículo susceptibles de modificación os obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso; os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.

Estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais,culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír cualidades excepcionais, non poden seguir o proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.

O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ao alumno, coa colaboración do equipo educativo, co asesoramento do orientador e/ou do equipo de orientación específico e se é o caso, de calquera outro profesional que participe na atención do alumno. As ACs serán coordinadas polo profesor titor/a.

Terán a duración dun curso escolar. En caso de que o alumno/a repita curso , poderá valorarse que continúe coa mesma ACs.

O seu desenvolvemento realizarase integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos de referencia.

Proceso de elaboración.

- Elaborarase ACs unha vez esgotadas todas as medidas ordinarias de atención á diversidade incluída a medida excepcional de repetición

- Realizar unha avaliación psicopedagóxica na que se recollerán datos relevantes sobre a situación socio familiar do alumno ou alumna e sobre o seu proceso de aprendizaxe, aportados tanto polo equipo educativo responsable do alumno ou alumna, como polo orientador do centro, o equipo de orientación específico ou calquera outro profesional que estea participando na atención ao alumno/a.

- Reunión coordinada polo xefe de estudos á que asistirán o titor/a, os profesores que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación e o orientador/a do centro. Nesta reunión decidirse a pertinencia da adaptación curricular, así como as materias obxecto de adaptación.

- Cubrirase a acta correspondente coas materias obxecto de adaptación.

- Elaborarase a adaptación do currículo de referencia nas áreas ou materias acordadas, segundo o establecido na normativa vixente.

Os datos obtidos na avaliación psicopedagóxica reflectiranse nun documento de adaptación curricular no que se que consignará, a información relativa a:

- Datos persoais do alumno ou da alumna.
- Datos físicos e de saúde.
- Datos psicosociais máis relevantes.
- Datos do contorno sociofamiliar.
- Datos do contorno escolar.
- Datos pedagóxicos.
- Necesidades educativas respecto do currículo de referencia

- Historial académico
- Áreas curriculares adaptadas
- Planificación do seguimento da ACs ao remate de cada curso
- Profesionais participantes.

Solicitud e autorización.

O director do centro enviará a proposta de adaptación curricular ao correspondente servizo provincial de inspección, que emitirá un informe correspondente.

Rexistro.

A avaliación diagnóstica, o documento de adaptación curricular e o informe do servizo da inspección educativa formarán parte do expediente do alumno ou da alumna e terán carácter confidencial.

Avaliación.

A avaliación do alumno que siga unha adaptación curricular farase en función dos criterios de avaliación individualizados e estándares de aprendizaxe establecidos nela, ***sen prexuízo de que para efectos de titulación o referente sexan sempre os obxectivos establecidos para a etapa correspondente.***

A adaptación curricular reflectirase como AC (adaptación curricular) no expediente académico do alumno ou alumna e no informe aos pais ou responsables legais.

Promoción

Artigo 12. Orde 6 outubro 1995 pola que se regulan as ACs).

Ó finalizar o ciclo ou curso para o que se realizara unha adaptación curricular, o titor ou titora, xunto co profesorado que impartira as áreas ou materias obxecto de adaptación, oídos os pais ou responsables legais do alumno, determinarán a pertinencia da promoción de ciclo ou de curso, a necesidade dalgunha adaptación curricular no curso seguinte e, de se-lo caso, as liñas xerais da mesma.

Promoción de curso e de etapa.

Artigo 6.Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se reguala a avaliación na E.Primaria.

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

Enténdese que promocionará se alcanzou os obxectivos e competencias correspondentes ao nivel no que está escolarizado; en caso contario non promociona.

De ter repetido na etapa , promocionará por imperativo legal.

Valorarás a posible flexibilización de ser o caso.

Revisión.

As adaptacións curriculares revisaranse periodicamente, coincidindo coa sesión de avaliación e polo menos unha vez ao remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación do curso sobre o que se elaborará a adaptación.

Cando un alumno ou alumna permaneza un ano máis nun ciclo ou curso, segundo o establecido para o efecto para as diversas etapas, deberá seguir medidas de reforzo ou adaptacións curriculares, de xeito que en ningún caso se reproduzan as condicións educativas que presumiblemente provocaron os desaxustes detectados no alumno.

En relación coas familias

Recibirán a información pertinente por parte do titor das decisións adaptadas sobre a mesma. A ACs deberá contar coa autorización por escrito da familia.

b) Agrupamentos flexibles. (Circular 9/1999).

Constitúen unha medida de atención á diversidade organizativa e curricular para tratar de adaptar a ensinanza aos distintos ritmos de aprendizaxe, ás necesidades, aos intereses e ás

características individuais dos alumnos/as evitando un déficit na adquisición dos coñecementos relacionados con materias instrumentais básicas

c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.(Orde 27 decembro 2002).

As intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas (PT e AL) serán propostas e deseñadas polo departamento de Orientación en colaboración co titor/a do alumno/a. Tales actuacións levaranse a cabo, normalmente, dentro da aula ordinaria, e so poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas Adaptación Curriculares e durante un tempo que nos excederá a **terceira parte da xornada escolar**.

d) Flexibilización da duración do período de escolarización.(Decreto 229/2011, na Orde do 27 de decembro de 2002 e na Orde do 28 de outubro de 1996.)

E.Infantil: A escolarización en educación infantil poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función, respectivamente, das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado. En ningún caso se poderá permanecer en educación infantil máis alá do ano natural en que se cumpran os sete de idade nin comezar a educación primaria antes do ano natural en que se cumpran os cinco anos.

Cando en educación infantil, de acordo co procedemento establecido, se opte pola permanencia dunha nena ou neno con necesidades educativas especiais un ano máis no primeiro ciclo, a súa incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo, aínda que non se axuste ás condicións de idade requiridas con carácter xeral. Este alumnado poderá optar á reserva de prazas establecida con carácter xeral para o alumna do con necesidade específica de apoio educativo que se escolariza no primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil.

E.Primaria: A escolarización en educación primaria poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función, respectivamente, das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado. En ningún caso se poderá permanecer en educación primaria máis alá do ano natural en que se cumpran os quince

de idade nin comezar a educación secundaria obrigatoria antes do ano natural en que se cumpran os dez anos.

ESO: A escolarización en educación secundaria obrigatoria poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado, respectivamente. En ningún caso se poderá permanecer en educación secundaria obrigatoria máis alá do ano natural en que se cumpran os dezanove anos, agás en unidades ou centros de educación especial, que se poderá prolongar ata o ano natural en que se cumpran os vinte e un de idade.

Cando un alumno ou alumna permaneza un ano máis no mesmo ciclo ou curso, deberá seguir medidas de reforzo ou adaptacións do currículo, de xeito que en ningún caso se reproduzan as condicións educativas que presumiblemente provocaron os desaxustes detectados e se reforcen ou recuperen as aprendizaxes nos que o alumno tivo dificultades.

De acordo coa última sesión de avaliación do ciclo ou curso, o profesor titor emitirá un informe de cada alumno sobre o grao de desenvolvemento alcanzado, en relación cos obxectivos de ciclo ou curso, no que fará constar a decisión sobre a súa promoción.

Este informe referirase ao grao de dominio dos obxectivos, funcionamento das medidas de reforzo e, se é o caso, ás adaptacións curriculares adoptadas para os alumnos. A decisión final sobre a permanencia ou non no mesmo ciclo debe ir acompañada das medidas educativas no seu caso, dirixidas a contribuir a que o alumno alcance os obxectivos programados.

A decisión de promoción será adoptada de forma colexiada a través do procedemento fixado no PE.

Cando o alumno non consiga os obxectivos establecidos para o ciclo ou curso, o titor deberá especificar as medidas educativas complementarias (reforzos, adaptacións...) e contará co informe dos profesores correspondentes de cada área, que o elaborarán en colaboración co Departamento de Orientación.

e) Formación Profesional Básica(Decreto 107/2014, DOG 15 decembro 2014)

O alumnado que cumpra os requisitos para a súa incorporación será derivado a un centros que impartan este programa, previa proposta da xunta de avaliación e conformidade da familia de ser o caso.

g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo. (Orde 27 decembro 2002 , Protocolo atención hospitalaria e domiciliaria)

A atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos e que, por prescripción facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo. En todo caso, priorizarase a atención ao alumnado das etapas de ensino obrigatorio.

h) Grupos de adquisición das linguas. (Orde do 20 de febreiro de 2004).

Destinado a alumnado procedente do estranxeiro en idades comprendidas dende os tres e os dezaseis anos que teña un descoñecemento das dúas linguas oficiais da comunidade autónoma, galega e castelá, que teña un desfase curricular de dous cursos ou máis ou que presenta graves dificultades de adaptación ó medio escolar debido a razóns sociais ou culturais.

Os grupos de adquisición das linguas son agrupamentos flexibles que teñen como finalidade o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso en que o alumno/a se atpa escolarizado.

O alumnado poderá formar parte destes grupos por un tempo máximo de un trimestre. Poderán desenvolverse na E.Primaria, na E.Secundaria e excepcionalmente no último curso da E.Infantil.

O alumnado que forme parte deste grupo deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso ou ciclo.

O horario semanal máximo de pertenza a este grupo será de 5 períodos lectivos no último curso de educación infantil, 10 no primeiro ciclo da educación primaria, 20 no segundo e terceiro de educación primaria, e 24 na educación secundaria.

i) Grupos de adaptación da competencia curricular . (Orde do 20 de febreiro de 2004).

Destinados a alumnado procedente do estranxeiro que reúna as mesmas condición que o mencionaco no apartado anterior. Son agrupamentos flexibles dirixidos a alumnado que presenta un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle corresponde por idade. A permanencia no grupo será dunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias instrumentais, podándose extender ao longo de todo o ano escolar.

Poderán desenvolverse no segundo e terceiro ciclo da educación primaria e na ESO. Os alumnos/as deberán pertencer a unha mesma etapa educativa.

O horario semanal máximo será de 8 períodos no segundo e terceiro ciclo da educación primaria e, e 10 na educación secundaria.

j) Exención da 2ª Lingua Extranxeira: medida de atención á diversidade recollida no Decreto 86/2015 e na Instrucións do 30 xullo 2020.

k) Fragmentación de 3º e 4º da ESO: a Orde do 27 de decembro de 2002 recolle que, cando NEAE do alumnado así o xustificuen, poderase autorizar excepcionalmente a fragmentación dos cursos terceiro e cuarto de ESO. Neste caso o alumno deberá permanecer escolarizado todo o horario e, en consecuencia, durante os períodos correspondentes ás áreas que non estea a cursar, deberá prestárselle atención adaptada ás súas necesidades específicas.

l) Integración de materias en ámbitos de coñecementos no 1º curso da ESO:

Decreto 86/2015 indica que os Centros Docentes poderán agrupar as materias do 1º curso en ámbitos de coñecemento, coa finalidade de facilitar o tránsito do alumnado entre a EP e o 1º curso da ESO. Este tipo de agrupación deberá respectar os contidos, os estándares de aprendizaxe avaliáveis e os criterios de avaliación de todas as materias que se agrupan, así como o horario asignado ao conxunto delas. Esta agrupación terá

efectos na organización das ensinanzas, pero non nas decisións asociadas á avaliación e á promoción.

A adopción desta medida non condiciona todos os grupos do nivel, nin tampouco obriga a agrupar todas as materias en ámbitos. A constitución destes agrupamentos requirirá autorización expresa do servizo provincial de Inspección Educativa.

7. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

7.1. Criterios para a organización e distribución dos recursos.

O texto refundido LOE/LOMCE recolle como un dos principios do Sistema Educativo a autonomía organizativa e curricular dos centros. Así, facendo uso da mesma, distribúense e organízanse os recursos segundo os criterios que se relacionan a continuación:

- Priorizarase a dotación de recursos (humanos, organizativos e materiais) para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), de acordo coas indicacións recollidas no correspondente Informe Psicopedagóxico.
- A docencia leva implícita as funcións de orientación e tutoría (recollida por primeira vez na LOGSE -derogada- e mantida na actual lei educativa). Nesa dirección, todo o profesorado constitúe o primeiro nivel para detección temperá das dificultades de aprendizaxe do noso alumnado.
- O/a profesor/a titor/a será o responsable de realizar un seguimento do seu grupo - clase para desenvolver unha detección temperá das dificultades de aprendizaxe que poidan xurdir e facer o traslado da demanda ao Departamento de Orientación.
- O profesorado responsable do Reforzo lingüístico ao alumnado obxecto de exención da 2ª Lingua Estranxeira manterá unha coordinación constante co profesorado dos Departamentos das linguas (galega e castelá) e, co Departamento de Orientación. En todo caso, previo acordo do profesorado

de Reforzo e o profesorado das materias lingüísticas, procurarase definir os procedementos de avaliación do alumnado que asiste ás sesións de reforzo.

O profesorado de materia con dispoñibilidade horaria que realice apoios na aula ordinaria deberá, xunto co/a seu/súa compañeiro/a, priorizar as coordinacións para levar a cabo un modelo de co-docencia e favorecer unha atención máis individualizada ao alumnado.

- As intervencións específicas dos/as profesionais de PT e AL levaranse a cabo, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria. Soamente se poderán levar a cabo fóra da aula ordinaria en casos excepcionais que estean debidamente recollidos nas Adaptacións Curriculares e durante un tempo que non excederá da terceira parte da xornada escolar. En todo caso, as intervencións das/os especialistas de PT e AL responderán a un Plan de Intervención Individualizado adaptado ás necesidades concretas do/a alumno/a obxecto de intervención.

- Cando as necesidades horarias e organizativas así o demanden, nas intervencións específicas de PT e AL fóra da aula ordinaria poderán constituírse grupos de un máximo de tres alumnos/as.

- Serán de prioridade as coordinacións dos especialistas de PT e AL co profesorado de materia na planificación, desenvolvemento e avaliación dos programas específicos de intervención.

- A xefatura do Departamento de Orientación terá unha reunión de coordinación, cando menos mensual, coas especialistas de PT e AL para levar un seguimento do alumnado obxecto de intervención.

- Os departamentos didácticas deberán favorecer a elaboración de materiais e recursos didácticos que atendan ás características e necesidades individuais do noso alumnado.

7.2 Criterios para a aplicación das medidas propostas.

Cando o progreso de un alumno/a nunha materia non sexa adecuado, determinaranse as medidas de atención á diversidade que procedan. Estas medidas adoptaranse **en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a favorecer o desenvolvemento integral do alumnado e a adquisición das aprendizaxes.**

Será tarefa prioritaria da persoa titora e do profesor/a de materia a detección temperá das dificultades, para unha vez detectadas pór en marcha os apoios ou reforzos precisos. Unha vez detectada unha dificultade o titor/a ou profesor/a de materia proporcionará o reforzo correspondente; se ese reforzo de materia non fose suficiente cubrirá o modelo de demanda de apoio por parte dos profesores especialistas de PT ou AL que entregará ao departamento de orientación.

Así mesmo, o titor/a informará á familia das medidas de apoio ou reforzo que se propoñan para cada alumno/a da súa titoría.

Partiremos sempre e, en primeira instancia, da aplicación das medidas de atención á diversidade de carácter ordinario (polo seu carácter normalizador e inclusivo) e só, cando estas sexan insuficientes, aplicaremos as medidas de atención á diversidade de carácter máis extraordinario.

Con carácter xeral, é necesario esgotar a medida excepcional de repetición de curso previa á realización de Adaptacións Curriculares Significativas(ACS).

Os apoios dos especialistas de PT e AL serán, con carácter prioritario nas áreas instrumentais básicas (AIB). Na ESO serán prioritarios pero non exclusivos nos primeiros cursos da ESO (1º e 2º da ESO).

O alumnado con Adaptación Curricular Significativa terá prioridade para os apoios das especialistas de PT e AL.

A aplicación das medidas de atención á diversidade deberá ser debidamente informada polo profesor/a titor/a á familia do/a alumno/a, coa colaboración do Departamento de Orientación, agás aquelas nas que aparece expresamente recollido na normativa que precisan da autorización dos

pais/nais/titores legais. Neste último caso, ademais de informar da medida de atención á diversidade en cada caso, o Departamento de Orientación recollerá por escrito, segundo o modelo que podemos ver no Anexo, o correspondente consentimento informado da familia.

Todas as medidas de atención á diversidade (especialmente aquelas máis extraordinarias) teñen un carácter revisable e reversible.

Todas as medidas de atención á diversidade deberán ser sometidas a un proceso de seguimento por parte do Equipo Directivo, co asesoramento do Departamento de Orientación.

7.1. Organización dos servicios de apoio

Ao comenzo de cada curso escolar, o departamento de orientación elaborará a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que formará parte da Programación Xeral Anual.

Partindo do alumnado obxecto de apoio do curso anterior, e das medidas de atención á diversidade acordadas na xunta de avaliación inicial, así como as novas valoracións ou diagnósticos de ser o caso, o departamento de orientación presentará perante a xefatura de estudos unha proposta coas medidas de apoio ou de atención específica para as necesidades detectadas no alumnado. En todo caso esas medidas terán un carácter revisable e flexible.

7.2. Intervencións específicas especialistas PT e AL

Artigo 19. Intervencións específicas(Orde 27 decembro 2002, DOG 30 de xaneiro 2003).

As intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores de PT e AL serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación en colaboración co titor/a do alumno/a. Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto co resto do alumnado do grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar. A coordinación destas actuacións, xunto coas do resto do profesorado corresponde á xefatura de estudos de E. Infantil, Primaria e ESO.

No presente curso os especialistas PT/AL atenden o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Realízanse intervencións específicas derivadas das seguintes necesidades específicas:

- Necesidades derivadas de neae.
- Necesidades derivadas de desfase curricular (ACs).
- Necesidades derivadas de dificultades nas áreas instrumentais básicas.
- Necesidades derivadas de retraso no desenvolvemento.
- Necesidades derivadas de dificultades áreas lingüísticas

7.3. Modalidades de apoio

Seguiránse os seguintes criterios segundo a normativa vixente.

- Aula ordinaria con reforzo por parte do profesor de titor/a ou profesor/a de materia.
- Aula ordinaria con reforzo por parte dun mestre con dispoñibilidade horaria.
- Aula ordinaria con apoio especializado por parte do mestre/a de PT ou AL. Con carácter xeral as intervencións do especialista de AL levaránse a cabo na aula específica de AL.
- Aula de PT ou AL a tempo parcial. Debidamente xustificada na súa ACs, e tendo en conta que o horario destes apoios non poderá exceder unha terceira parte da xornada escolar fóra da aula ordinaria.

7.4. Criterios para establecer a prioridade da atención ao alumnado por parte dos especialistas PT/AL.

A definición de Necesidades Específicas de apoio educativo (NEAE) e Necesidades Educativas Especiais establecece na LOE (Artículos 71 a 79 bis) e modifícanse parcialmente pola LOMCE (apartados 57, 58 e 59).

Definición de ACNEAE: É o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. A LOMCE define a este alumnado como aquel que require unha atención educativa diferente da ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH (Trastorno de déficit de atención e hiperactividad), polas súas altas capacidades intelectuais, por haberse incorporado tarde ao

sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar. Poden necesitar unha atención educativa diferente á ordinaria e a aplicación de medidas específicas que poden implicar ou non recursos extraordinarios.

Definición de ACNEE: É o alumnado con necesidades educativas especiais. A LOE artigo 73, defínese como aquel alumnado que requira, no seu período escolarización ou ao longo de toda a escolarización, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de la conducta. Poden necesitar de medidas extraordinarias e recursos persoais e/ou materiais específicos. Poden escolarizarse nun centro ordinario, especial ou na modalidade combinada entre ambos.

Independentemente de que cada caso poida ser analizado individualmente, establécense os seguintes **criterios de prioridade** na atención ao alumnado con neae por parte dos especialistas de PT/AL:

- Alumnado obxecto de flexibilización no período de escolarización de Educación Infantil (permanencia dun ano máis na E.I).
- Alumnado con necesidades educativas especiais permanentes e que requira de ACs.
- Alumnado que así o aconselle o seu informe psicopedagóxico ou informe clínico aportado pola familia.
- Alumnado con necesidades temporales obxecto de apoio en cursos anteriores, que siga presentando dificultades.
- Alumnado que repite curso (debe seguir un programa de recuperación a nivel de aula).
- Na E.Infantil, só se levarán a cabo apoios fóra da aula en casos moi excepcionais e en momentos puntuais nas intervencións de AL. Os apoios deberán ser por norma xeral dentro da aula ordinaria segundo contempla a normativa vixente.
- Aquel alumnado que por razóns de horarios non poida ser atendido polo mestre/a de PT/AL será reforzado polo profesor/a titor/a, profesor de materia e profesorado con dispoñibilidade horaria contando co asesoramento do departamento de orientación.

Aa intervencións de AL polas súas especiais características levaranse a cabo fóra da aula ordinaria, na aula específica de AL.

7.5. Áreas prioritarias dos apoios

O reforzo/ apoio educativo nas áreas instrumentais, lingua castelá, lingua galega e matemáticas, será prioritario e nas demais áreas quedará supeditado á disponibilidad horaria.

8. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

O presente Plan de Atención á Diversidade precisa da súa concreción cada curso académico que formará parte da Programación Xeral Anual. A inicios de curso, o departamento de orientación elabora a proposta de atención a diversidade do alumnado para o presente curso que se trasladada á Xefa de Estudos de Primaria e Xefe de Estudos de Secundaria.

O obxectivo de todos os profesionais que forman parte do equipo educativo debe ser común: ofrecer a cada alumno a resposta que precisan ás necesidades que presentan, axudar na súa integración social e facilitarlle a súa autonomía.

Conseguilo require dunha grande actitude colaborativa que parte do coñecemento da responsabilidade de cada un podendo así concretar as actuacións profesionais dun xeito multidisciplinar.

En relación directa coa diversidade do alumno presente nas nosas aulas. as actuacións dos distintos profesionais están en relación directa co desenvolvemento das súas funcións. Relación de funcións dos distintos profesionais en relación coa atención á diversidade:

8.1. Titores/as e profesores de materia

O mestre de aula, titor e/ou especialista de área,, é o responsable de guiar o aprendizaxe do alumnado para que acade os obxectivos establecidos con carácter xeral e responsable tamén de potenciar as capacidades do alumno. O titor será o encargado de coordinar todo o proceso, pero o profesor , especialista ou non, é o responsable da elaboración e posta en práctica das medidas necesarias na súa aula e área concreta.

O titor/a como primeiro nivel de concreción da orientación educativa convértese na principal figura para a detección temperá de posibles necesidades do alumnado.

Así en colaboración co departamento de orientación traballarán de xeito coordinado na detección de necesidades específicas de apoio educativo, avaliación psicopedagóxica, decisión sobre a resposta educativa máis axeitada e avaliación.

O titor/a ten ademais as seguintes funcións(D.374/1996 e Infantil e Primaria e D324/1996 ESO):

- Realizar a avaliación inicial individualizada a principios de cada curso académico.
- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e das actividades de orientación académica e profesional baixo a coordinación do xefe de estudos, contando coa colaboración do departamento de orientación.
- Seguimento das medidas de atención á diversidade propostas para cada alumno/a coa colaboración do profesorado do seu grupo, especialistas de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe e orientador/a.
- Colaborar na elaboración dos diferentes documentos do proxecto educativo, aportando ideas, criterios e respostas á atención á diversidade.
- Elaborar a súa Programación de Aula tendo en conta as características xerais e individuais dos seus alumnos seguindo as directrices deste plan.
- Participar con todo o equipo de profesores na resposta á diversidade.
- Partindo da avaliación inicial, e da psicopedagóxica se é o caso, da resposta concreta ás necesidades identificadas seguindo o proceso de menor a maior significatividade.

8.2. Mestre especialista en audición e linguaxe (AL) e mestre especialista en pedagogía terapéutica (PT).

Son o nexos de unión entre o mestre de aula, alumno, pais, orientador e profesionais relevantes na atención á diversidade no centro.

Estes especialistas exercerán as súas funcións en todas as etapas educativas que se imparten no centro, ademais das funcións que lles corresponden como membros do departamento de orientación, desenvolverán as seguintes funcións(D.374/1996 e Orde 22 xullo 1997):

- Coordinar en colaboración co xefe de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e estadia no centro dos alumnos/as con algún tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial.
- Asistir ás reunións de CCP e colaborar na elaboración do plan de actuación respecto do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Orientar ao profesorado que lle imparta docencia ao alumnado con neae, así como a eles mesmos e a os seus pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- Colaborar co profesorado tutor/a e co resto do profesorado na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares , así como nas medidas de reforzo e de todas aquelas medidas dirixidas á atención á diversidade.
- Participar na avaliación do alumnado que accede á educación secundaria obrigatoria, e cando cumpra naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Prevención, e posta en marcha consecuenta, de medidas preventivas primarias e secundarias en idades temperás de todo tipo de dificultades que poidan presentar os alumnos.

Detección e intervención temperá de alteracións e/ou retrasos.

- Colaboración co orientador na avaliación e valoracións de necesidades no proceso de avaliación psicopedagóxica.
- Intervención directa cos alumnos que o precisen como resultado das avaliacións pertinentes mediante accións programadas. Poderán ser tanto na aula ordinaria (co grupo aula, pequeno grupo, preferentemente homoxéneo, para dar resposta adecuada ás súas necesidades, ou de forma individual) como na aula de apoio (de forma individual ou en pequenos grupos).

Seguimento e colaboración en todos aqueles aspectos que teñan relación coa súa especialidade en todo o relativo a medidas específicas extraordinarias que se estean levando a cabo, tanto do alumno, coma dos profesores de aula.

8.3. Departamento de orientación

O departamento de orientación do CPI Antonio Orza Couto abrangue no seu plan de actuación as etapas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, ademais ten adscritos a unitaria de Camporrapado e Sergude.

O departamento de orientación ten as seguintes funcións (D.120/1998):

- Valorar as necesidades educativas no ámbito da orientación dos alumnos do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola CCP, o Plan de Orientación Académica e Profesional e o Plan de Acción Titorial.
- Participar na elaboración dos proxectos educativos e curriculares do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades específicas e nos principios de avaliación formativa, e cando cumpra na adecuación dos criterios de promoción.
- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos.
- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitar ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersonal e a transición á vida profesional.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámicas de grupo e calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos/as.

➤ Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais, así como as ofertas do seu contorno que lle faciliten elixir responsablemente.

➤ Asesorar á CCP nos aspectos psicopedagóxicos do proxecto curricular.

Xefe de departamento de orientación

É o último responsable da avaliación psicopedagóxica e da toma de decisións que se leve a cabo. Unha vez que se poña en marcha a medida de atención á diversidade decidida, o seu papel será, especialmente, o de coordinar todo o proceso e a todos os implicados

A xefatura de departamento de orientación terá as seguintes funcións (D.120/1998):

➤ Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento.

➤ Responsabilizarse da redacción do plan de actividades departamentais, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria de final de curso.

➤ Participar na elaboración do PE representando ao departamento na CCP.

➤ Convocar e presidir as reunións do departamento nas que se fará un seguimento das medidas de atención á diversidade adoptadas.

➤ Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, e a adquisición de material e de equipamento específico necesario para a atención á diversidade, velando polo seu uso correcto e conservación.

➤ Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.

➤ Facilitar a colaboración entre os membros do departamento de orientación implicados.

➤ Coordinar en colaboración co profesor/es de apoio a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, elevando ó xefe de estudos a proposta de organización da docencia para este alumnado.

8.4. Equipo directivo

O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade (Art.11. D. 229/2011, (DOG 21 decembro).

O equipo directivo desenvolverá as seguintes funcións en relación á diversidade:

➤ Incorporar a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade á Programación Xeral Anual, e velar polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

Promover e organizar os tempos necesarios para a aplicación deste plan.

Coordinación con todo o equipo de profesores a través da Xefatura de Estudos

Facilitar e habilitar os recursos humanos e materias dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con necesidades específicas.

Solicitar os recursos de orientación e intervención psicopedagóxica externos cando sexa necesario.

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO, CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.

Tendo en conta que a responsabilidade da atención á diversidade abrangue a toda a comunidade educativa, faise precisa a participación conxunta dos diferentes profesionais implicados. Como consecuencia deberase garantir a coordinación das súas actuacións pola dirección do centro.

É fundamental abrir canles e impulsar mecanismos de comunicación entre todas as persoas e instancias implicadas no proceso así como a creación de espazos para a reflexión do profesorado sobre a súa práctica docente, nun clima de respecto e aceptación que contribúa a estimular a avaliación formativa e a impulsar as iniciativas innovadoras.

A coordinación representa unha condición indispensable para levar a cabo a tarefa educadora que pola súa dimensión social, implica o establecemento de continuas interaccións entre os distintos axentes que nela participan.

9.1. Mecanismos de coordinación internos

No centro os equipos docentes representan o ámbito de coordinación máis cercano á acción educativa. Neste sentido cabe destacar a importancia das reunións de:

- Equipo directivo: responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan de Atención á Diversidade.

- CCP: órgano de coordinación docente que marca as directrices para a elaboración, seguimento e avaliación do Plan de Atención á Diversidade.
- Departamento de orientación: encargado da elaboración do plan e da súa concreción anual. Realízanse as seguintes reunións:
 - Reunións semanais de coordinación interna do DO e xefatura de estudos de Primaria e Secundaria.
 - Reunións mensuais do DO, co centro adscrito.
 - Reunións mensuais do DO.
 - Departamentos didácticos: implica a colaboración de todos os membros no seguimento global do alumnado coa labor preventiva e de establecemento de medidas necesarias para unha resposta o máis axeitada ás necesidades do alumnado.
 - Titor/a: figura encargada de asumir a coordinación do profesorado do seu grupo coa colaboración e asesoramento do departamento de orientación.

Neste senso é preciso fortalecer as seguintes reunións:

- Reunións de coordinación como as reunións de titores co departamento de orientación.
- Reunións entre titores/as de 6º curso e o profesorado de ESO.
- Reunións entre titores/as e especialistas para tratar o seguimento de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo coa finalidade de unificar criterios de actuación.
- Coordinación entre o profesorado de apoio e os titores ou profesores de materia no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Reunións trimestrais dos equipos docentes, nas sesións de avaliación.
- Reunións con axentes externos ao centro, para concretar as actividades que se establecen nos distintos programas e/ou iniciar novas liñas de colaboración.. Na actualidade coordinámonos unha vez por trimestre cos profesionais do Centro de Recursos que atende a alumnos do centro, así como cos profesionais externos que atenden a alumnado que conta cunha beca para alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

9.2. Coordinación con centros adscritos

Cos centros adscritos mantemos unha coordinación para seguimento do alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo.

Coordinación cos profesionais do Centro de Recursos que atende a alumnado do centro adscrito.

Coordinación no mes de maio co alumnado de próxima incorporación ao noso centro na E.Primaria , profesorado e familias das unitarias . Realízase unha xornada de portas abertas para que as familia e o alumnado poidan coñecer o centro.

9.3. Coordinación coas familias

Levándose a cabo reunións periódicas a través do mestre tutor/a.

Reunións co departamento de orientación.

Informes escritos.

Conversas telefónicas.

Notas informativas nas axendas dos alumnos/as.

Intercambio de información nas saídas e entradas ao centro.

9.4. Coordinación con servizos externos ao centro

Equipo de Orientación Específico.

Inspección educativa.

Centro de Recursos.

9.5. Unidade de Saúde Mental

Intercambio e aportación de información mediante envío de informes pedagóxicos.

9.6. Servizos sociais

Mediante reunións de seguimento de familias usuarias de servizos sociais.

Conversas telefónicas.

10. LIÑAS DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVICIOS EXTERNOS AO CENTRO

Considérase fundamental o achegamento ás familias, promovendo a súa colaboración cos outros axentes educativos, desde a confianza e o respecto, establecendo vías de comunicación que partan do diálogo e a independencia mutua.

As canles de colaboración coas familias concrépanse no noso centro do seguinte xeito:

- Protocolo de acollida ao novo alumnado: recollida de información das familias sobre as dificultades para poder comezar a traballar co alumno/a.
- Protocolo de acollida para alumnado estranxeiro.
- Reunión a inicio de cada curso dos titores cos pais/nais como primeira toma de contacto.
- Hora de atención aos pais/nais ou titores legais establecida no horario xeral do centro.
- Participación en charlas e talleres durante a semana cultural.

11.PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Elaboráronse distintos protocolos para a a información e autorización escrita por parte das familias en relación coas medidas ordinarias e extraordinarias de atención a diversidade.

12.PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MEMORIA DO PLAN

O Art. 11 do Decreto 229/2011, de atención á diversidade, indica que será o Equipo Directivo o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade. Sen prexuízo do anterior, este proceso deberá ser unha **RESPONSABILIDADE COMPARTIDA** entre todos os membros da Comunidade Educativa.

A avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade levarase a cabo en tres momentos diferentes:

Avaliación inicial: constitúe o punto de partida e permite coñecer a realidade ou o estado da Comunidade Educativa no relativo á súa diversidade antes de aplicar un plan ou programa co obxectivo de realizar unha intervención máis axeitada.

O proceso de avaliación inicial foi descrito no apartado de identificación de necesidades.

Avaliación continua: proporcionáanos información ao longo do desenvolvemento do proceso e permite, polo tanto, orientar e corrixir tanto o proceso como os resultados. Realízase durante o curso e será responsabilidade do Equipo Directivo co apoio e asesoramento do Departamento de Orientación (Art. 11 do Decreto 229/2011).

Avaliación final: ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación de cada centro levará a cabo a avaliación final que permitirá valorar o grao de consecución dos obxectivos propostas. Así mesmo, o DO, elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.(Art. 13 do Decreto 229/2011).

Os criterios de avaliación do PXAD serán os seguintes:

- Adecuación do plan ás necesidades reais do centro.
- Nivel real de inclusión do alumnado con NEAE nas dinámicas de aula e no centro.
- Grao de desenvolvemento do programas establecidos de forma individualizada para cada alumno/a e, se é o caso, dos establecidos para o grupo-clase.
- Logros acadados en relación aos obxectivos previstos.
- Adecuación da temporalización.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da Comunidade Educativa.
- Nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.
- A coordinación nas distintas actuacións entre o profesorado titor, o

equipo docente e o profesorado especialista (PT/AL) de apoio ao alumnado con NEAE e, de ser o caso, cos servizos externos.

- O grao de colaboración das familias do alumnado en xeral e, en particular, do alumnado obxecto dalgunha medida de atención á diversidade

13.ANEXOS

PROTOCOLOS ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Protocolo para a Atención Educativa ao Alumnado con Discapacidade Auditiva

- https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/03/20/f4f52cfb5ce8a2d9476c7e130f96476d.pdf

Protocolo para a Atención Educativa do Alumnado con Síndrome Down e/ou Discapacidade Intelectual

- <http://downgalicia.org/wp-content/uploads/2018/08/Protocolo-de-Educaci%C3%B3n.pdf>

Protocolo de Tratamento Educativo do alumnado con Trastorno do Espectro Autista

- https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2016/03/14/5b7a09f72e369a40b7d319634a159b49.pdf

Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario

- http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2014/07/02/libro_tdah_definitivo_16-06-14.pdf

Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria

- http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/atencion_educativa_domiciliaria_v2.pdf

Protocolo de Protección de Datos

- http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_proteccion_datos_v1.0.pdf

Protocolo de Prevención e Detección de Risco suicida no ámbito educativo

- https://libraria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/riesgo_suicida_castelan_para_li.pdf

Protocolo de Identidade de Xénero

- http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/identidade_de_xenero_caderno_1.pdf

Protocolo de Urxencias Sanitarias e enfermidade crónica

- http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/system/files/urxencias_sanitarias_e_enfermidade_cronica_completo_.pdf

Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia

- https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2014/01/31/d7f0eb7ecc0ede69497c448b8d5b28c5.pdf

Protocolo Educativo para a Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso

- https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/16b464128c0bc955268746343e9ddbcb.pdf

Protocolo para a Atención Educativa de alumnado con Alta Capacidade Intelectual

- https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/10/16/40af9b01688982e3a742808df6271bc0.pdf

Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e outras dificultades específicas da aprendizaxe

- <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/30104>

Don/acon D.N.I.:.....

nai , pai do alumno/a

escolarizado/a en.....con domicilio en

.....

Tfno:

EXPÓN

Que foi informado/a sobre a proposta de flexibilización da duración da Etapa de Educación Infantil/ E. Primaria en relación a o meu fillo/a consistente en :

- **Prolongar a a escolarización na Educación Infantil / E.Primariaun ano máis.**

MANIFESTA

- A súa conformidade
- A súa disconformidade

Forte, adede 201

A nai/pai ou titor legal

Asdo :.....

CONSENTIMIENTO INFORMADO PARA REALIZACIÓN DE ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA

D/ Dna.....DNI:.....
Pai/nai ou titor legal de.....

Fun informado en que consiste unha Adaptación Curricular Significativa, e co obxectivo de presta-la atención máis axeitada ás necesidades educativas que presenta o meu fillo/a dou o meu **consentimento** para que se lle realicen unha adaptación curricular significativa nas seguintes materias:

Lengua Castellana Lengua Gallega Lingua Extranxeira (Inglés)

Matemáticas Física e Química Xeografía e H^a

Tecnoloxía Relixión Música

E. Física

Forte ,.....de.....de 2016

Asdo: Pai/Nai, ou titor legal

ACTA DE REUNIÓN PARA TOMA DE DECISIONS SOBRE ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA

Data: _____

Lugar de Celebración: _____

NOME ALUMNO/A: _____ CURSO: _____

Asistentes:

Xefa de estudos _____

Profesor/a Titor/a _____

Profesores/as de Área _____

Orientador/a _____

Outros _____

Acordan:

- | |
|--|
| <input type="checkbox"/> Que non procede a elaboración da adaptación curricular, xa que: |
| <input type="checkbox"/> da avaliación realizada despréndese que non existen Necesidades Educativas Especiais que non podan ser atendidas polos medios ordinarios de atención na aula. |
| <input type="checkbox"/> non están esgotadas tódalas medidas ordinarias de atención á diversidade (D 229/2011) |
| <input type="checkbox"/> Que procede elabora-la adaptación curricular tendo en conta os datos da avaliación inicial e o nivel de competencia curricular do alumno/a na actualidade. |

ÁREAS CURRICULARES ADAPTADAS:

Asinado

Área: _____	Nivel ACs: _____	Profesor/a: _____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

Forte ,a....., dede 20

Xefa de estudos

Profesor/a

Titor/a

Orientador/a

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.:

SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EOE

Don/a.....con D.N.I.:

nai, pai do alumno/a.....

escolarizada en De E. Infantil/ Educación Primaria/ ESO, no CPI “ Antonio Orza Couto”

EXPÓN

Que foi informado/a pola orientadora da conveniencia de intervención do especialista do EOE coa finalidade de atender ás necesidades do seu fillo/a. Con este motivo solicitamos a intervención do especialista en:

Sobredotación intelectual

Trastornos de conducta

Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento

Discapacidades Sensoriales

Discapacidades Motoras

Orientación Vocacional

Traballo Social

MANIFESTA

A súa conformidade

A súa disconformidade

Forte, adede 201

A nai/pai ou titor legal

Asdo :

(pai, nai, titor/a)

**CONSENTIMENTO INFORMADO PARA A REALIZACIÓN DA
AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA DO /A ALUMNO/A:**

D./Dna _____, con D.N.I. _____ pai, nai,

titor/a do alumno/a _____, que se encontra escolarizado no curso _____ fun informado en que consiste a avaliación psicopedagóxica e autorizo ó Departamento de Orientación do " CPI Antonio Orza Couto" a realizar a avaliación psicopedagóxica do mencionado/a alumno/a, co fin de determinar as súas necesidades educativas e acadar toda aquela información que se poda considerar de utilidade para mellorar a atención educativa recibida polo mesmo e propor as medidas que se consideren necesarias para dar resposta ás súas necesidades.

O Forte, a _____ de _____ de _____

Asdo: _____
(Pai, nai ou titor/a)



CONSENTIMENTO DE INCORPORACIÓN Á FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

DATOS DO ALUMNO OU DA ALUMNA			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS DO PAI			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS DA NAI			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS DO/DA REPRESENTANTE LEGAL			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

CONFORMIDADE
O centro educativo facilitoulles información das características xerais e das finalidades dos ciclos formativos da formación profesional básica e entregoulles e cofecen o consello orientador, no que o equipo docente recomenda a incorporación do/da seu/súa fillo/a a formación profesional básica.
Atendendo ao disposto no artigo 15 do Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, expresan a súa conformidade para que o/a seu/súa fillo/a se incorpore a un ciclo formativo de formación profesional básica no curso 2015-2016.

SIGNATURAS	
PAI / REPRESENTANTE LEGAL	NAI / REPRESENTANTE LEGAL
Asdo:	Asdo:
Lugar e data	

DIRECCIÓN / TITULAR DO CENTRO EDUCATIVO

AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE APOIO FÓRA DA AULA DO/A ALUMNO/A

D/Dna _____ con DNI _____,

Pai, nai, titor/a do alumno/a _____,
que se encontra escolarizado no curso _____, neste Centro, autoriza a especialista en *Audición e Linguaxe*, a realizar o apoio fóra da aula ao seu fillo/a, coa finalidade de mellorar as súas dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe no presente curso.

Forte, a _____ de _____ de 201 .

Asdo _____
(Pai, nai ou titor/a)

**INFORMACIÓN SOBRE APLICACIÓN DE MEDIDAS DE
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

D/Dnacon DNI:.....como
pai/nai do alumno/a.....

FUN INFORMADO de que o Equipo Docente do meu fillo/a, co asesoramento Departamento do Orientación, acordou que se poña en marcha a Medida de Atención á Diversidade ORDINARIA recollida na normativa vixente que se indica a continuación, co obxectivo de adaptar a resposta educativa ás necesidades do/a alumno/a.

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PROPOSTA:

Forte, adede 20

(Asndo:.....)

(Pai/nai/titor/a)



REFORZO EDUCATIVO- EDUCACIÓN PRIMARIA

**Lévese a cabo cando un alumno/a non segue o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe. É a medida máis Ordinaria de todas e previa ás outras. O reforzo educativo haino que planificar, e débese comunicar ao equipo directivo e ás familias. Farase constar no boletín de notas e no expediente académico do alumno.*

PLAN INDIVIDUAL DE REFORZO EDUCATIVO OU RECUPERACIÓN E APOIO

APELIDOS		NOME
DATA NACEMENTO	TITOR/A	NIVEL

SITUACIÓN ESPECÍFICA QUE PRECISA DE REFORZO EDUCATIVO

	Repetición de curso.
	Áreas pendentes de superar.

PLAN DE REFORZO

Data inicio	Setembro 201	Duración prevista	Curso escolar
Áreas con reforzo	LC	LG	MAT
Modalidade	Dentro da aula ordinaria	Grupo ordinario	
	Fóra da aula ordinaria	Pequeno grupo	
	Dentro e fóra da aula	Individualizado	
Recursos	Materiais comúns	Adaptación de materiais comúns	
	Materiais de cursos inferiores	Informáticos	
	Outros:		
Avaliación	Normalizada (ordinaria)		
	Individualizada (técnicas, instrumentos, procedementos...)		
	Adaptada (obxectivos, contidos, indicadores específicos...)		

ASPECTOS A MODIFICAR	
	Cambios na secuencia de contidos.
	Distinta temporalización para acadar os obxectivos.
	Cambios na avaliación (formas de avaliar, instrumentos de avaliación).
	Cambios na organización da aula.
	Cambios nos agrupamentos.
	Adaptación de actividades propostas para o grupo-clase.
	Eliminación de actividades repetitivas.
	Lecturas complementarias.
	Explicacións verbais individualizadas por parte do profesorado.
	Fichas didácticas.
	Utilización doutros medios distintos aos habituais para acadar os obxectivos.
Outros:	

1.- ÁMBITOS A REFORZAR

<p>ÁMBITO PERSOAL</p>

<p>ÁMBITO SOCIAL</p>

<p>ÁMBITO FAMILIAR</p>

ÁMBITO CURRICULAR
LINGUA GALEGA
Estándares básicos a reforzar:
Estándares básicos a reforzar:
LINGUA CASTELÁ
Estándares básicos a reforzar:

LINGUA INGLESA
Estándares básicos a reforzar:

MATEMÁTICAS
Estándares básicos a reforzar:

2- ORGANIZACIÓN DO REFORZO

R. EDUCATIVO	RESPONSABLES	TEMPOS	OBSERVACIÓNS
LINGUA GALEGA			
LINGUA CASTELÁ			
LINGUA INGLESA			
MATEMÁTICAS			

Forte a 25 de xaneiro 2020.

Xefe departamento orientación.

